



REVISTA GALEGO-PORTUGUESA DE
PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN
Nº 2 (Vol. 3) Ano 2º-1998 ISSN: 1138-1663

EDITORIAL

UNHA PROXECCIÓN CARA O FUTURO NA MELLORA DA EDUCACIÓN EN GALICIA E PORTUGAL: O VI CONGRESO GALEGO-PORTUGUÉS DE PSICOPEDAGOXÍA

Alfonso Barca Lozano
Universidade da Coruña

Investir en educación é sempre unha alta empresa con miras cara un futuro mellor. Unha empresa sempre rentable. Unha empresa que non ten como fin prioritario a mera pragmática de obter beneficios a curto prazo, máis ben ó contrario, eses beneficios obtéñense sempre *en especie* e a prazo medio ou longo prazo. Pero, investir en educación ben paga a pena. Lémbrome dos catro principios básicos que o Informe Delors deixaba patente no seu balance e prospectiva sobre a educación en Europa cara ó vindiero século XXI cando se afirmaba que os eixes claves para seguir avanzando na mellora da calidade educativa pasaba sempre por *aprender a coñecer, aprender a facer, a convivir e aprender a ser*. Certamente eses principios ou eixes deben impregnar todo o que-facer dos diferentes profesionais da educación nos tamén diversos niveis dos nosos sistemas educativos.

Outro Informe recente que se elaborou no Reino Unido durante o ano 1997 sobre a educación superior, dirixido polo profesor Ron Dearing, suliñaba que é preciso ensinar a xente a xestionar a súa propia aprendizaxe durante toda a súa vida. Neste mesmo Informe chamoume moito a atención ó fincapé que se fai en relación con tres temas que a min parécenme fundamentais cando se aborda unha reforma que pretende melloral a educación superior xa na entrada do século XXI. Entre outras conclusións subliña este Informe que é preciso dominar as novas tecnoloxías da información, prestar especial atención a gramática e á dicción así como a esas áreas do cálculo e medida.

Pois ben, se temos en conta estas aportacións dos Informes Delors e Dearing veremos que tocan o fondo do que supón verdadeiramente o núcleo de todo proceso educativo calquera que sexa o nivel ó que desexemos aplicarlas. Pero escrito esto, inmediatamente temos que afirmar que estes núcleos ós que nos referimos pasan sempre por un tamiz insoslaible: a aportación de medios técnicos, económicos e personais que, no fondo, resúmense por reivindicar a aplicación de políticas decididas por adecuados investimentos en educación. Esta reivindicación xa é vella, pero compre que unha vez máis lembremos ós responsables das administracións educativas esta necesidade impe-

riosa e urxente de de poder facer realidade calquera reforma educativa dun país. Hai que recordar unha vez máis que a modernidade, o avance social e científico a entrada con bo pé no próximo século vaise medir inexorablemente pola calidade educacioinal e, en consecuencia, polo que cada país invirte realmente na educación.

Agora, neste mes de setembro de 1998 chegamos a cuarta edición do *Congreso Galego-Portugués de Psicopedagogía*. Neste Congreso non imos tratar dos investimentos en educación, senón de temas que preocupan ós/as psicopedagogos/as tanto no que atinxe a investigación nas diferentes áreas científicas que integran esta titulación universitaria, como a todos aqueles temas científicos que tocan á práctica diaria destes profesionais. Sen embargo todos somos conscientes de que se queremos que haxa un desenvolvemento funcional e real para estes profesionais é necesario un investimento en educación proporcionado a maioría dos países do noso entorno europeo.

É preciso afirmar, unha vez máis, que este feito pasa inevitablemente por investir de forma decidida en medios materiais e humanos, por parte das diferentes administracións educativas, para que a incorporación dos psicopedagogos ó sistema educativo sexa cada día unha realidade porque, insistimos unha vez máis, a calidade educativa tamén depende do concurso e presenza destes profesionais nas prácticas educativas dos diferentes niveis nos que se artella todo sistema educativo dun país.

Galicia e Portugal temos moitos puntos en común na mellora permanente que debemos levar a cabo nos nosos medios educacionais. Neste IV Congreso Galego-Portugués de Psicopedagogía podemos e lograremos poñer en común moitos anxeios que nos son propios tanto no campo da investigación en educación como nas prácticas educativas concretas escolares ou extraescolares. Baste dicir que arredor de 170 traballos, entre Ponencias, Conferencias, Simposios, Comunicacións e Posters serán presentados e debatidos por perto dos 400 asistentes a este IV Congreso e que proveñen das diferentes universidades de Galicia e Portugal e que nos daremos cita durante os días 23, 24, 25 e 26 de Setembro-98 na Universidade do Minho, en Braga. Así, neste número 2 (vol. 3) da Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación incluímos a primeira parte da Actas do Congreso que foron seleccionadas polo Comité Científico.

Pola parte da Comisión Organizadora tan só desexar a tódolos congresistas que os debates, as análises que se fagan, as investigacións realizadas e presentadas, as experiencias compartidas polos diferentes profesionais que facemos realidade este Congreso, axuden a mellora-la calidade educativa dos nosos países e a que se chegue a convicción de que todo investimento por mellora-lo noso ensino é sempre un sinal inequívoco de progreso e avance dun país.

Alfonso Barca Lozano
A Coruña e Braga, Setembro, 1998